



[SUPLEMENTOS](#) / [Contexto](#)

## O boxeador que medraba cunha ópera de Bizet

HÉCTOR J. PENA TABOADA  
15/08/2010 - 20:00 h.

Unha sombra cobre a figura de Andrés Balsa, o púxil mugardés que triunfou en todo o mundo antes de deixar o ring para adestrar o Celta e ser masaxista no Deportivo nos anos vinte do século pasado

Durante máis de 200 anos homes e mulleres de todo o mundo perseguiron o soño americano. Xentes de toda raza, credo ou condición viaxaban aos Estados Unidos en busca dun futuro mellor para eles e para os seus fillos. Pode un mariño mercante mugardés, fillo dun humilde labrego e neto de nai solteira conseguilo? Andrés Balsa é a proba de que si. O 11 de marzo de 1883 veu ao mundo o fillo de Joaquín e Francisca, bautizado como Andrés Balsa Antón. A súa infancia transcorreu como a de todos os demais nenos da vila, traballando moi duro e pasando penalidades. Pero el era diferente aos demais. Era grande, moi grande. E forte, moi forte.

A historia de Andrés Balsa comeza cando decide enrolarse na mariña mercante. Quería ver mundo, coñecer esa América á que tantos mugardeses emigraran. Durante a prehistoria do deporte da loita, unha práctica moi común era a realización de espectáculos nos que o campión local retaba calquera dos asistentes ao show a enfrontarse a el. Ese foi o punto de partida da carreira de Andrés no mundo da loita, que acabaría convertendo no seu mundo grazas á súa estatura de máis de dous metros e a unha forza que os medios da época consideraban "hercúlea". Era un loitador dos denominados xigantes, de máis de dous metros de altura, e por enriba dos 100 quilos de peso, cuxa especialidade era aguantar as acometidas do rival para logo destruílo coa súa enorme forza. Non obstante, a súa técnica deixaba moito que dese-xar, o que lle valeu ser moi criticado polos medios especializados da época.

As primeiras referencias do seu éxito como wrestler ao outro lado do Atlántico chegan en 1915, cando a prensa se fai eco das vitorias que estaba a obter nos Estados Unidos e Cuba. Eran os anos da I Guerra Mundial, e Balsa, que xa era coñecido no continente americano, decidiu quedar alí ata a finalización da contenda. O mugardés pelexou en todo o continente, dos Estados Unidos a Perú, de Cuba a Arxentina, derrotando a practicamente todo aquel que lle puxese no seu camiño, e de paso, amasando grandes cantidades de diñeiro.

O seu salto á fama prodúcese a principios do ano 1915, cando tras un concurso internacional de jiu jitsu celebrado na Habana, o gañador do torneo, Taro Miyake, retou a calquera presente no teatro a enfrontarse a el. A recompensa era moi importante: aguantar 20 minutos sobre o ring, 250 pesos; derrotar o xaponés, 1.000 pesos. Balsa, encirrado polos seus compañeiros na mariña mercante, saíu de entre o público e plantouse ante o campión. Pasaron cinco minutos, pasaron dez, chegaron os vinte... e o rexo galego seguía en pé. Taro Miyake non o podía crer. Fóra de si, pedíulle a Balsa unha revancha ao día seguinte, que se saldaría coa derrota do xaponés. Estes acontecementos fixeron moi popular entre a comunidade galega da Habana o ata aquel entón descoñecido loitador.

Tras a xesta cubana, o destino do bravo galego serían os Estados Unidos, onde mantivo unha serie de intensos combates de loita americana contra os mellores atletas do país. Alí, tal e como sucede na loita libre actual, Balsa construíuse a súa propia personaxe, imprescindible nun mundo que uns consideran circo e outros deporte. Alcumado O

toureiro español, tivo un refacho de impresionantes vitorias entre os meses finais do ano 15 e principios do 16. O ritual das loitas do mugardés nos Estados Unidos era sempre o mesmo. Balsa sufría ás mans do rival ata que a orquestra presente no teatro ou o pavillón comezaba a tocar a peza Toreador, da ópera Carmen. Entón, o galego encoraxábase, recuperaba forzas e derrotaba o seu rival, tal e como describe o New York Times a súa vitoria ante o alemán Charles Wagner o 19 de novembro.

En 1916 Balsa pelexa en Panamá, ademais de nos Estados Unidos, participando nun torneo que incluía os 35 mellores loitadores do mundo, no que derrota rivais de nomes tan temibles como O Estrangulador ou a dous campións dos Estados Unidos, o Doutor Roller e Albert E. Reid, vitoria esta que lle supuxo ao loitador mugardés un premio de 100 libras de ouro. Balsa vivía os días de viño e rosas, pero, como bo galego, sufría desa estraña enfermidade que afecta a todos os fillos de Galicia: a morriña. Así que, finalizada a contenda mundial, Balsa decide poñer punto final a unha xira americana que duraba xa demasiados anos.

De volta á súa terra, Balsa foi recibido en loor de multitudes, sucedéndose as homenaxes, como a que lle dedicou en outubro de 1920 a Sociedade Naval Club de Ferrol en colaboración co coro Toxos e Froles, que o nomeou socio de honra. No acto leuse o seguinte poema dedicado ao loitador: “Eiquí estamos l-os de Toxos, con ferreñas e pandeiro, pra festexar o máis grande loitador do mundo enteiro. Oxe trouxemos zapatos –pois nos lastiman as zocas– quixemos vir a entrega que fas das tuas manoplas. Eiquí vimos todos xuntos, todos feitos uns matós, por ver si queres tirarte con nosco uns pescozós. Din que aló en Inglaterra –xa o ouvimos outra vez– o noso valente Balsa descoxuntou a un inglés. Para cantar e bailar viva miña irmá Tomasa, e para dar pescozós, non vos hay como Balsa. Vale máis estar comendo bós xamós e bós moletes que non liarse con Balsa tres minutos a moquetes. Si tedes delor de moas deixarvos de practicantes, pois Balsa dún puñetazo vol-as quita nun instante”.

Todo isto non fixo senón impulsar a carreira de Balsa. Rio de Janeiro, Madrid ou Liverpool foron só algúns dos lugares que viron pelexar o galego. Pero a loita xa non era suficiente para o loitador mugardés, e, a pesar da súa total ausencia de técnica, levaba un tempo pensando en entrar no máis competitivo mundo do boxeo. A súa experiencia anterior no deporte da luva non fora moi afortunada, pero iso non foi óbice para que pronto lle chegase o seu primeiro gran rival, un aínda inexperto Luis Ángel Firpo, O touro salvaxe das Pampas. O arxentino converteríase, cos anos, en protagonista dunha das imaxes máis icónicas do deporte do cuadrilátero, cando expulsou do ring a Jack Dempsey dun só golpe, na que é considerada a mellor pelexa da historia do boxeo.

O combate tivo lugar en Valparaíso, Chile, e o galego perdeu por Knock Out aos seis asaltos. Pero a pesar da derrota, e dunha serie de resultados negativos obtidos durante o aciago ano de 1920, Balsa conseguiu derrotar a rivais da entidade de Mario Lepont ou José Liberaty en 1921, o que ao cabo lle valería a que foi a súa oportunidade de ouro, loitar polo campionato do mundo dos pesos pesados. O seu rival foi Jack Dempsey, un dos grandes nomes da historia do boxeo, o mesmo que anos despois protagonizaría con Firpo o combate do século. O balbordo que se montou en Nova York foi tal que o New York Times informaba puntualmente das noticias relacionadas co esperado combate. Pero o galego que puido ser de ouro caeu derrotado ante Dempsey, que se mantería como campión ininterrompidamente ata 1926.

A partir dese fracaso, a carreira de Balsa caracterízase pola irregularidade. Así, alterna impresionantes vitorias, como a conseguida ante o campión de Canadá A. Alberson, con longos refachos de derrotas, como as obtidas contra Sam Langford co título mexicano dos pesos pesados en xogo, aínda que paga a pena recordar que o púxil está considerado como o segundo mellor pegador de todos os tempos pola revista especializada Ring magazine. O baixón físico –Balsa contaba xa con 40 anos– e moral producido polas derrotas, levárono a formular novos horizontes profesionais e a pensar na retirada definitiva. Ademais, a morriña facíaselle cada vez máis pesada, polo que o

boxeador pasaba longas tempadas rodeado da súa familia e amigos, dedicándose máis a actividades lúdicas que ao adestramento. Sirva como exemplo cando escoltaba a bordo dun bote de remos o seu amigo Abelardo de Catavís mentres este realizaba a travesía de Ferrol á Coruña a nado, unhas 12 millas.

O golpe de graza á súa carreira daríallo a humillante derrota no que foi o seu último gran combate. Unha abarrotada praza de touros de Madrid esperaba ansiosa o evento principal da noite, o Sansón mugardés contra o belga Jack Humbeeck. Balsa dende o principio luciu moi inferior a Humbeeck e, desesperado, dedicouse a buscar a descualificación a base de golpes baixos, cousa que sucedería no quinto asalto. A prensa da época afundiou a Balsa coas súas destrutivas crónicas. A súa última derrota sería pouco despois ese mesmo ano, cando os seus axudantes botaron a esponxa – botar a toalla introduciríase despois como forma de expresar a rendición– no segundo asalto ante un púxil de moi pouca categoría, o portugués José Santa. O vello loitador tomara unha determinación. O boxeo e a loita libre xa non serían o seu mundo nunca máis –despois da derrota ante Santa só combatería tres veces máis ante rivais menores, e en combates con carácter de exhibición– para meterse no mundo dun novo deporte que se estaba a facer forte e que levaba moito tempo gorentándoo. Era o que por aquel entón todo o mundo coñecía como football.

Dende 1926, ano que en que se incorpora ao cadro técnico do Real Club Celta de Vigo en calidade de preparador físico e de adestrador, substituíndo a Francis Cuggy, a carreira de Balsa permanece vinculada ao mundo do fútbol. Tras ser desposuído do cargo ao ano seguinte, incorpórase como masaxista á disciplina do Deportivo da Coruña. O labor do mugardés como encargado da condición física dos xogadores foi moi apreciada no seu momento, pois nunha época na que o adestramento físico soaba a quimera para a maioría dos cidadáns, Balsa tivo que manterse nun estado de forma envexable durante máis de vinte anos, para poder competir en condicións na elite deportiva.

Tras traballar na súa terra, Balsa incorpórase como adestrador á disciplina do Club Deportivo Castellón. A súa laboura como místico recibía unhas críticas moi similares ás que tiña como loitador ou boxeador, pois se lle apoñía un total descoñecemento da técnica futbolística. Baixo a súa responsabilidade, nas tempadas 31/32 e 32/33, o Castellón finalizou como último clasificado a liga de Segunda División, o que en combinación coa situación económica do equipo levantino desembocou na desaparición do clube. A súa grande oportunidade chegaríalle na tempada 1935/36, cando o Valencia o contratou coma adestrador. Os resultados do equipo ché co mugardés á fronte, unha vez máis, non foron moi destacados. Non obstante, co inicio da guerra en España, Balsa se mantivo leal á II República, formando parte do novo Valencia dos traballadores tras a incautación do equipo polos empregados e futbolistas. Balsa formaríase parte de cadro técnico do equipo valencianista até, polo menos, 1946, ano no que a pista do mugardés misterioso volve desaparecer.

[URL] <http://www.xornal.com/artigo/2010/08/14/suplementos/contexto/boxeador-medraba-cunha-opera-bizet/2010081422210800493.html>

© XORNAL.COM, Fundado en 1999 como "EL PRIMER DIARIO ELECTRÓNICO DE GALICIA"  
R/ Galileo Galilei, 4B (Polígono A Grela).

Redacción: [redaccion@xornaldegalicia.com](mailto:redaccion@xornaldegalicia.com), Publicidad: [publicidade@xornaldegalicia.com](mailto:publicidade@xornaldegalicia.com)